

XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG
A Coruña, 25 e 26 de marzo.

#Relatorio



1 XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

2

3 1. O nacionalismo galego, un proxecto histórico liberador

4

5 O nacionalismo galego nace como consecuencia do proceso de toma de conciencia do
6 pobo galego da súa condición de pobo diferenciado conformado como unha nación e da
7 necesidade de se organizar en defensa dos seus dereitos, para conquistar a capacidade
8 plena para decidir libremente sobre os seus asuntos e relacionarse cos outros pobos en
9 termos de igualdade e cooperación. Trátase dun movemento histórico que ten as súas
10 raíces nos movementos proto-nacionalistas que xorden no século XIX até se configurar
11 como tal movemento nacionalista hai 100 anos, co nacemento das Irmandades da Fala e
12 a realización da Asemblea Nacionalista de Lugo (17 e 18 de novembro de 1918).

13

14 Ao longo da súa historia, o nacionalismo galego sempre vinculou a defensa dos dereitos
15 nacionais de Galiza coa defensa das liberdades colectivas e individuais, dos intereses das
16 clases populares e os ideais de progreso e xustiza social. O Bloque Nacionalista Galego
17 (BNG) é a expresión contemporánea, no ámbito político, deste movemento histórico, pois
18 séntese continuador do legado das Irmandades da Fala, do Partido Galeguista e das
19 organizacións nacionalistas que xurdiron nas décadas de 60 e 70 do século pasado,
20 constituíndose, como elas, no instrumento político das clases populares galegas para a
21 liberación nacional e social de Galiza.

22

23 Se o nacionalismo xorde como necesidade do pobo galego, das súas clases populares,
24 para teren unha ferramenta útil para traballar por outra Galiza posíbel, libre e próspera, o
25 seu papel na Galiza actual continúa sendo igual de necesario. Concordamos coa
26 coñecida afirmación de Castelao: “Galiza deixará de loitar pola súa liberdade cando a
27 conquistar”. O nacionalismo, como movemento socio-político de reivindicación da
28 soberanía da nación, será necesario até que a conquistemos e fiquemos consolidada.

29

30 Agora ben, se como nacionalistas partimos de que o BNG é útil e necesario na Galiza de
31 hoxe, a nosa obriga é buscar as mellores fórmulas para facer do nacionalismo unha
32 ferramenta que a propia sociedade galega tamén perciba como útil e necesaria e acabe
33 por apoiar maioritariamente. A nosa responsabilidade hoxe, en definitiva, é construír o
34 nacionalismo do século XXI, capaz de gañar máis xente para a causa da liberdade, con
35 novas propostas que sexan capaces de encaixar cos problemas, coas preocupacións,
36 coas aspiracións e cos soños da maioría da sociedade galega.

37

38 2. O nacionalismo galego no contexto da globalización capitalista

39

40 O nacionalismo e a soberanía son antitéticos dunha globalización que responde á
41 distribución e á reorganización do mundo na actual fase evolutiva do imperialismo, e que
42 provoca unha acentuación das diferenzas entre os centros de acumulación e a periferia, o
43 desmantelamento de dereitos sociais e laborais (xerando importantes bolsas de pobreza e
44 exclusión social mesmo nos propios países centrais) e a consolidación de grandes
45 poderes económicos globais á marxe do control democrático.

46

47 Desde esta perspectiva, o nacionalismo galego declárase internacionalista. Fronte a
48 tópicos e prexuízos que pretenden confrontar ambos os conceptos, fica claro na nosa
49 práctica -como na doutros movementos similares por todo o mundo- que non existe
50 ningún tipo de contradición. O internacionalismo avoga pola solidariedade e pola

1 cooperación entre as distintas nacións para o beneficio mutuo, o que supón o
2 recoñecemento de todas as nacións como iguais, respectando os seus dereitos e
3 identidades.

4
5 Fronte ás teses que cuestionan a vixencia do nacionalismo nun mundo globalizado, é
6 precisamente neste contexto que resulta imprescindible termos un poder político propio
7 para non sermos condenados e condenadas á marxinação. Por moito que o exercicio da
8 soberanía no contexto da globalización puider resultar limitado, se un país é soberano
9 sempre terá máis capacidade de interrelación no mundo sen estar condenado á
10 subordinación e á irrelevancia.

11
12 A realidade é que a tendencia é a que cada vez haxa máis nacións soberanas. Cando se
13 fundou a Organización das Nacións Unidas, en 1945, integrábase 45 estados, agora son
14 193. En Europa nos últimos vinte e cinco anos xurdiron 17 novos estados independentes.
15 O nacionalismo galego está a favor dun mundo interrelacionado construído con base na
16 cooperación de pobos libres e iguais, e avoga pola superación dun mundo onde as
17 relacións se establezan en termos de dependencia e dominación.

18
19 No ámbito europeo, o nacionalismo galego avoga por unha Europa dos Pobos, social e
20 democrática, fronte ao modelo de construción europea representado pola Unión Europea,
21 concibida como un espazo ao servizo da globalización e dos intereses do capitalismo
22 financeiro e das multinacionais. Por estas razóns, o nacionalismo galego é irmán dos
23 movementos de emancipación nacional dos pobos sen Estado e dos movementos que
24 defenden a igualdade e a xustiza social.

25
26 O nacionalismo galego ten vontade de contribuír a conformar unha alternativa
27 internacional tanto á globalización neoliberal como aos emerxentes populismos
28 chauvinistas. Aspiramos a unha Galiza soberana para sermos protagonistas do noso
29 futuro e participarmos, como axentes activos/as, na comunidade internacional.

30 31 **3. Un nacionalismo para todo o pobo galego, forte, amplo e plural**

32 33 **A quen nos diriximos?**

34
35 Pola propia estrutura de clases da sociedade galega, caracterizada historicamente pola
36 ausencia dunha burguesía propia que asumise o papel de clase nacional, o nacionalismo
37 galego foi desde sempre un movemento político de carácter popular que asume
38 prioritariamente a defensa dos intereses das clases populares e do conxunto do pobo
39 galego. E nesa liña debemos continuar traballando e afondando.

40
41 As clases traballadoras constitúen a maioría social do país e deben ser o principal
42 destinatario do proxecto político do BNG: o máis de un millón de galegos e galegas
43 traballadoras no sector público e privado; as persoas desempregadas (máis de 200.000
44 persoas); tamén segmentos sociais con cada vez maior peso relativo, como o dos
45 traballadores e das traballadoras pobres e con empregos precarios, as persoas que se
46 ven forzadas a recorrer ao auto-emprego (na Galiza 25% das persoas autónomas sen
47 empregad@s ao seu cargo son pobres e 45.700 autónom@s gañan menos de 600 euros
48 ao mes), e as pensionistas (60% das case 700.000 pensionistas do noso país ingresan
49 menos do SMI).

50

1 Mais o BNG debe aspirar a atraer tamén sectores sociais intermedios (profesionais e
2 pequeno e medio empresariado) susceptíbeis de se adheriren a un proxecto nacional de
3 conquista da soberanía. Obxectivamente un poder político propio interesa a sectores
4 económicos intermedios realmente vinculados ao País, hoxe prexudicados por políticas
5 que, fronte á dinamización económica local, favorecen as grandes empresas prestadoras
6 de servizos con sede en Madrid ou deprimen a demanda interna que representa o espazo
7 de múltiples micro-empresas e PEMES dependentes da capacidade de consumo do
8 mercado interior e non das exportacións.

9
10 Así pois, son amplos e diversos os sectores sociais que poden verse identificados coa
11 práctica nacionalista de defensa dun modelo socio-económico de desenvolvemento auto-
12 centrado, sustentábel do punto de vista ambiental e socialmente cohesionado. Un modelo
13 que require capacidade de planificación e regulación da actividade económica polos
14 poderes públicos e presenza do sector público nos sectores económicos estratéxicos. Un
15 modelo, aliás, que valorice a calidade, a marca propia, que desenvolva a actividade na
16 nosa lingua con normalidade e que sexa quen de aproveitar o enorme potencial neste
17 ámbito do mundo lusófono.

18
19 O BNG, por tanto, desde a súa inequívoca condición de forza popular, diríxese ao
20 conxunto do pobo, á maioría social do noso País interesada nun novo modelo social e
21 económico derivado dunha sociedade libre, xusta e igualitaria que só pode vir da man
22 dunha Galiza con capacidade de decidir sobre si propia.

23 24 **O BNG, expresión dun movemento socio-político**

25
26 Ora, ese carácter socialmente amplo e diverso a que sempre aspirou o nacionalismo e
27 que no momento presente se revela absolutamente correcto e necesario, implica tamén o
28 recoñecemento do pluralismo interno e unha organización diversa ideoloxicamente
29 sempre que se teña como obxectivo conquistar a soberanía e a defensa das clases
30 populares. Eis por que o pluralismo foi sempre consubstancial ao nacionalismo que
31 representa o BNG e velaí tamén a causa de as formulacións unitarias do nacionalismo xa
32 desde os anos 70 teren no pluralismo político e na vontade de articular unha alianza de
33 clases para a defensa da soberanía dous dos seus piares básicos.

34
35 O BNG, como forza con vocación de ser o proxecto compartido de todas as persoas
36 nacionalistas, debe facer da transversalidade un vector fundamental, construindo o seu
37 discurso arredor de propostas definidas colectivamente e asumíbeis por todos os
38 segmentos susceptíbeis de se adheriren ao noso proxecto nacional. O nacionalismo
39 galego, como movemento colectivo para a transformación global da Galiza, actúa de
40 forma transversal nos distintos espazos sociais. Non se trata dun movemento circunscrito
41 exclusivamente á política estrita, senón que actúa en todos os eidos de intervención
42 social: sindicalismo, organizacións profesionais, movemento feminista, ecoloxismo,
43 movemento en defensa da lingua, movemento cultural, movemento en defensa dos
44 animais... Neste sentido, o propio BNG autodefínese como un movemento socio-político
45 que abrangue diferentes realidades para alén da expresión política.

46
47 O BNG ten, entre outras, a función de trasladar ao eido político as reivindicacións desta
48 pluralidade de sectores e integrar as aspiracións dos distintos movementos sociais nunha
49 alternativa política global. Velaquí as causas que explican que o BNG deba transcender

1 do marco dunha organización política convencional para ser a expresión dun movemento
2 socio-político de defensa do país.

3

4 **Fortalecer o pluralismo, fortalecer o BNG**

5

6 O avance do nacionalismo estivo sempre vinculado a ese carácter plural e á capacidade,
7 en cada momento, de establecer as fórmulas máis adecuadas para compaxinalo coa
8 necesaria cohesión como organización política, logrando que todo o mundo que partilla o
9 obxectivo da soberanía poida traballar por el desde o BNG.

10

11 O BNG, que naceu precisamente da vontade colectiva de confluír desde diferentes
12 posicións para fortalecer o nacionalismo, mantivo sempre a vontade de ser o proxecto
13 compartido de todas as persoas que confían no País e que acreditan que a Galiza pode
14 ter un futuro diferente de prosperidade e de liberdade. O BNG é un proxecto aberto, con
15 capacidade de sumar e de integrar, e debe esforzarse por que isto sexa percibido así e
16 actúe en favor do alargamento do nacionalismo e da máxima unidade posíbel sob o
17 principio básico da auto-organización. En calquera caso, o BNG ten vontade de impulsar
18 distintos chanzos que permitan avanzar, confirmando a vontade de ser a forza unitaria do
19 nacionalismo galego:

20

- 21 • Apertura plena a novas incorporacións colectivas e individuais.
- 22 • Disposición a chegar a acordos electorais con forzas e colectivos de ámbito galego,
23 baixo a premisa do respecto do principio de auto-organización.
- 24 • Disposición a crear foros de diálogo e cooperación con outras forzas políticas
25 galegas para partillar análises e explorar ámbitos de cooperación.
- 26 • Disposición a contribuír a impulsar unha Plataforma Cívico-Social (aberta a
27 organizacións sociais e colectivos cidadáns) para articular iniciativas de defensa do
28 país.
- 29 • Reforzar a Rede de Concellos Nacionalistas como entidade de coordinación
30 municipal en chave galega.

31

32 Como forza política nacionalista o obxectivo da soberanía nacional é un obxectivo
33 constituínte do noso proxecto político. Na defensa dese obxectivo debemos saber
34 manexar adecuadamente os distintos elementos da proposta política, dos tácticos aos
35 estratéxicos, do máis concreto ao máis xeral, buscando que a soberanía apareza como a
36 consecuencia lóxica dunhas políticas pensadas para un País con futuro e única alternativa
37 real á actual situación. Trátase de comunicar dunha forma máis pedagóxica e cunha
38 mellor exemplificación concreta e práctica, que permita romper con moitos preconceptos
39 instalados na sociedade galega.

40

41 **4. O nacionalismo, instrumento para a soberanía nacional e a transformación social**

42

43 O nacionalismo debe ser o eixo vertebrador do discurso. Sermos feministas, ecoloxistas,
44 defendermos a igualdade e a xustiza social..., son elementos que conforman a forma de
45 ser do nacionalismo galego, vinculados ao proxecto de país que queremos construír. A
46 cuestión social e a cuestión nacional, nun país dependente como a Galiza, están
47 imbricadas. Somos nacionalistas porque sabemos que termos un poder político propio e o
48 control sobre os nosos recursos é unha ferramenta imprescindible para facer factíbel na
49 Galiza outro modelo de desenvolvemento con progreso e xustiza social. Explicar as
50 consecuencias sociais negativas da dependencia e, sensu contrario, sermos capaces de

1 explicar en positivo as mudanzas que implicará a soberanía debe ser a nosa
2 preocupación permanente.

3
4 Na construción do noso discurso “nacionalismo”, “esquerda”, “feminismo”, ecoloxismo”...,
5 non deben ser entendidos como unha xustaposición de elementos que conforman o noso
6 ideario. Tal maneira de construír o discurso dificulta a diferenciación da proposta política
7 do BNG ao aparecer o “nacionalismo” simplemente como un adxectivo ou máis un
8 ingrediente e, por tanto, algo secundarizábel ou prescindíbel nun contexto en que se
9 afirma desde distintos ámbitos que hai outras prioridades.

10
11 Unha forza política non consegue adhesións só pola súa contundencia nas críticas e nas
12 denuncias. Consegue adhesións tamén xerando ilusión, defendendo un proxecto de país
13 que sexa percibido como viábel e dote a sociedade dun horizonte de futuro. O discurso
14 debe contribuír a estimular a auto-estima colectiva e o orgullo de sermos galegos e
15 galegas, pondo en valor as capacidades e potencialidades do país. Artellar solucións aos
16 problemas a través dun proxecto político claro e con propostas concretas, contribúe para
17 reforzar a confianza nas propias capacidades.

18
19 Neste sentido, o discurso do BNG debe procurar atraer, verbalizando argumentos e non
20 descualificacións, especialmente cando se dirixir ao electorado desencantado con outras
21 forzas políticas. O discurso debe transmitir unha identidade política propia do
22 nacionalismo galego que non asuma a linguaxe e/ou a imaxe doutros senón que
23 conceptualice e cree a súa propia a través de mensaxes sinxelas, pedagóxicas, concisas
24 e o máis directas posíbeis.

25
26 É por iso que no noso discurso debemos facer fincapé en argumentos que permiten
27 identificar claramente a defensa da soberanía como a alternativa que posibilitará mellorar
28 a calidade de vida e o benestar da nosa xente, e articular sobre eles un discurso
29 propositivo, inclusivo e en positivo.

30
31 Debemos destacar que a centralización do poder político está vinculada a un deseño
32 económico e social contrario aos intereses das maiorías e que mesmo a crise foi utilizada
33 como pretexto para concentrar aínda máis o poder político, necesaria para facer posíbel
34 este deseño. Por tanto, a defensa da soberanía é consubstancial á defensa da
35 democracia e de políticas ao servizo das maiorías sociais.

36
37 Se defendemos soberanía fiscal para a Galiza é xustamente para poder protexer e
38 desenvolver os servizos públicos e as políticas sociais fronte ao modelo actual en que a
39 xestión dos servizos públicos e do gasto social está descentralizada mais os recursos
40 fiscais contrólaos o Estado, que utiliza a dependencia financeira das comunidades
41 autónomas para impor recortes. Decidirmos por nós mesmos/as sobre o destino do noso
42 aforro, os nosos recursos naturais e enerxéticos ou a organización da nosa economía é
43 unha ferramenta imprescindible para xerar riqueza e emprego no noso país.

44
45 En definitiva, ningunha mudanza importante é posíbel sen rachar co réxime de 78, isto é,
46 coa restauración borbónica posfranquista e a súa Constitución: a vía de saída viábel e
47 democrática é a que abren os procesos soberanistas, unindo as loitas concretas pola
48 mellora das condicións de vida coa necesidade dunha mudanza estrutural.

49
50 **5. A concreción do exercicio da soberanía**

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50

O exercicio da soberanía nacional ten, fundamentalmente, dúas fórmulas de concreción posíbeis: a creación dun Estado galego independente ou a libre asociación da Galiza nun marco confederal. En todo o caso, a premisa de partida será sempre que a Galiza poida decidir de maneira absolutamente libre e soberana a solución que o pobo galego entender. En calquera das dúas opcións, a forma xurídico-política que deberá adoptar a nación soberana é a de República da Galiza.

Como o uso de determinados conceptos acostuma a estar intencionadamente deturpado, convén esclarecer que para o BNG a hipótese de integración nunha confederación, se se producir, implica o recoñecemento previo do pobo galego como titular de soberanía e a libre delegación por parte do pobo galego (en exercicio da súa soberanía) dunha serie de competencias nas institucións da confederación. A opción confederal implicaría tamén que a representación do pobo galego tería dereito de veto sobre decisións que afectaren os seus intereses fundamentais e que o pobo galego, como titular de soberanía, podería retirar a delegación de competencias e exercer en calquera momento o dereito de secesión.

Por outra parte, a opción dun Estado independente é consubstancial a vontade plena de propiciar a integración da Galiza en institucións ou organismos de cooperación rexional e internacional democráticos e solidarios, sempre en función dos intereses do pobo galego e de políticas internacionais de Paz, xustiza social e solidariedade.

No Bloque Nacionalista Galego teñen cabida ambas as opcións e, xustamente por iso, na comunicación como organización do noso obxectivo estratéxico priorizaremos a expresión 'Soberanía Nacional' por entendelo abranxente ao tempo que plenamente significativo do punto de vista político. En todo o caso, sentiremos como propia calquera actuación ou iniciativa que contribúa a avanzar no camiño da soberanía.

6. Propostas no curto prazo para un novo status político para a Galiza

Temos dito, en relación con experiencias das tres nacións, que o Estado español non é reformábel no sentido en que o réxime político español non vai permitir ningún tipo de reforma democratizadora e de recoñecemento efectivo da plurinacionalidade. Esta premisa sustenta a posición do nacionalismo no sentido de que a nosa preocupación non debe nunca estar en 'buscar o encaixe' da Galiza no actual estado senón en traballar activamente pola soberanía da nosa nación.

Iso non quer dicir en absoluto que nós debamos renunciar a ter propostas ao respecto ou a dar determinados debates. Moi ao contrario. Como xa demostrou o caso catalán, a inclinación de importantes sectores para o lado do soberanismo decorreu precisamente da constatación por parte da sociedade da falta de vontade do Estado español de dar canle ás súas lexítimas aspiracións. O mesmo podemos dicir dun modelo autonómico que o BNG nunca avalou e que hoxe aparece como máis inadecuado e esgotado do que nunca. Poñelo en evidencia diante da sociedade con propostas para superalo é obriga do nacionalismo.

Por iso, diante da hipótese dun proceso de reforma constitucional ou de debate sobre a articulación do Estado español, mesmo que non acreditemos en avances significativos por esa vía, o BNG debe ter unha posición activa como voz da defensa dos dereitos nacionais

1 da Galiza. E debe facelo desde unha defensa clara da ruptura co réxime de 78, fronte a
2 unha reforma da Constitución “para melloralá” en que coinciden o conxunto das forzas
3 políticas españolas, vellas e novas. En todo caso, a posición mínima a defender polo
4 nacionalismo galego pasa por exixir o recoñecemento da realidade plurinacional do
5 Estado -por tanto, a condición da Galiza como nación- así como o recoñecemento do
6 dereito de autodeterminación para todas as nacións que o conforman.

7
8 Con todo, mesmo se esa hipótese non se verificar, o BNG debe avanzar na Galiza con
9 propostas que poñan en cuestión o limitado marco autonómico e sinalen vías para o
10 superar definitivamente, camiñando para un status novo que garanta a capacidade real da
11 nosa nación para decidir. En todo caso, as propostas tácticas están subordinadas en todo
12 momento ás estratéxicas e son utilizadas en función da capacidade para xerar
13 contradicións no réxime ou espertar máis adhesións entre o noso pobo. Existe unha
14 novidade cualitativa na consecución da soberanía que non pode ser alcanzada mediante
15 negociacións gradualistas no actual marco institucional. Apuntamos algunhas:

- 16
- 17 • Desenvolvemento pleno do ámbito competencial, xestión de novas competencias e
- 18 blindaxe das xa asumidas.
- 19 • Entre outras, a Galiza debe asumir competencias plenas en materia de seguranza
- 20 pública e viaria, infraestruturas de transporte de interese xeral (portos, aeroportos,
- 21 control do tráfico aéreo e estradas e camiños de ferro que discorren por territorio
- 22 galego), costas, salvamento marítimo e bacías hidrográficas.
- 23 • Un novo sistema de financiamento para a Galiza baseado na plena capacidade
- 24 normativa e de xestión sobre todos os tributos soportados por cidadáns e cidadás e
- 25 polas empresas que operan na Galiza: O Concerto Económico.
- 26 • Asunción plena de competencias en materia de réxime local: supresión das
- 27 deputacións, desenvolvemento das comarcas, modelo propio de financiamento
- 28 local.
- 29 • Presenza directa da Galiza na Unión Europea e capacidade de veto en todos os
- 30 asuntos que afectaren o seu ámbito competencial ou os seus intereses nacionais.
- 31 • Unha Banca Pública Galega, soporte para o desenvolvemento da Galiza.
- 32 • Supresión da administración periférica do Estado na Galiza, actuando a
- 33 administración galega como administración única.
- 34 • Poder Xudicial propio que será a última instancia xudicial no noso País.
- 35 • Galiza debe asumir plenas competencias en materia enerxética e mineira.

36

37 **7. Facendo o camiño: unha nova estratexia para o nacionalismo**

38

39 As nacións son realidades histórico-sociais dinámicas, poden emerxer ou desaparecer ao
40 longo da historia. Un papel fundamental do BNG é reverter ese proceso de
41 desnacionalización e construír nación. Constrúese país fortalecendo os marcos de
42 referencia propios: pondo en valor a lingua galega; fomentando a auto-organización do
43 pobo galego a todos os niveis; impulsando a creación e produción cultural; consolidando
44 un espazo comunicativo galego; valorizando o propio...

45

46 No fortalecemento dos marcos de referencia é fundamental, como se estableceu nas
47 teses da XV Asemblea, crear un imaxinario propio con valores positivos, creativos e
48 modernos. Mais tamén ter clara unha folla de ruta que posibilite ir dando pasos firmes
49 cara ao horizonte estratéxico desde a perspectiva de que o BNG debe transcender do

1 marco dunha organización política convencional para ser a expresión política dun
2 movemento socio-político de defensa do país e de conquista da soberanía.
3
4 Nese sentido, debemos partir da adecuada análise da realidade do noso País. Para alén
5 da indiscutíbel importancia dos procesos electorais, tamén é verdade que no contexto da
6 Galiza actual, sen segmentos sociais que poidan sustentar alternativas soberanistas no
7 ámbito ideolóxico que vai do centro-esquerda ao centro-dereita, semella ben improbable
8 que a conquista da soberanía se poida producir exclusivamente pola vía electoral e da
9 política institucional. Isto ficou de forma sobrada historicamente constatado noutros casos
10 en contextos coloniais.
11
12 Cando cada día estamos a constatar as limitacións democráticas do sistema e a
13 utilización das leis e dos tribunais para recortar dereitos esenciais como o de opinión ou
14 manifestación, a 'Lei da mordaza' aprobada polo PP ou as detencións e procesamentos
15 de persoas e cargos públicos -nos últimos tempos especialmente en Cataluña- por
16 expresar opinións ou actuar en defensa do exercicio da democracia e da soberanía,
17 mostran a cara real do sistema español que, para confrontar as ansias de liberdade dun
18 pobo, non ten mesmo reparo en rescatar no presente fórmulas xurídicas como o 'delito de
19 sedición'. Todo indica, aliás, que esta actuación antidemocrática do réxime político
20 español vai ser unha realidade a cada día máis frecuente nos próximos tempos.
21
22 É claro que unha forza como o BNG, que promove unha mudanza revolucionaria que
23 ultrapasa os límites do réxime político español, debe preocuparse por fortalecer no día a
24 día a capacidade de iniciativa e empregar todas as formas de loita política de masas ao
25 seu alcance, privilexiando a mobilización e a organización como mellor garantía de
26 avance real do nacionalismo, tamén no plano electoral: promovendo dinámicas políticas
27 propias, reforzando a auto-organización do pobo galego, asentando progresivamente
28 ámbitos soberanos de libre decisión e creando espazos de contrapoder ou poder popular
29 onde for posíbel e por pequenos que foren.
30
31 Trátase, en definitiva, de irmos construíndo a vontade soberana do pobo galego no día a
32 día, a través da auto-organización, sen inxerencias externas ou inclusión en estruturas
33 alleas e sen esperarmos a un hipotético contexto estatal favorábel. E, ao mesmo tempo,
34 de que a organización estea preparada para enfrontar os debates e os embates políticos
35 dos próximos tempos -coa cuestión nacional sen dúbida como elemento central- e poida
36 planificar os pasos a dar así como verificar os resultados.
37
38 O BNG elaborará, por tanto, un Plano de traballo, **Estratexia Avanza Galiza**, que
39 establece de forma clara a folla de ruta para o avance e consolidación política, social e
40 institucional do nacionalismo galego nos próximos anos á marxe das conxunturas
41 electorais e desde a consciencia de que a conquista do obxectivo estratéxico da
42 soberanía nacional require a conquista previa da hexemonía social do nacionalismo na
43 sociedade galega.
44
45 A **Estratexia Avanza Galiza**, que abranxerá no mínimo o período 2017-2022, debe
46 abordar de forma integral as necesidades e desafíos que enfronta o nacionalismo galego
47 hoxe, a partir da análise das mudanzas sociais experimentadas pola sociedade galega e a
48 avaliación da situación, funcionalidade e adecuación das ferramentas e estratexias coas
49 que o nacionalismo se ten dotado historicamente no campo político, social e cultural.
50

1 Neste sentido entendemos preciso desenvolver nos vindeiros anos unha estratexia que
2 impulse o alargamento do actual campo organizativo do nacionalismo e favoreza a
3 progresiva conformación dun amplo espazo de activismo político e social de orientación
4 nacionalista, diverso nos contidos e heteroxéneo nas formas. Ese espazo debe
5 conformarse como unha rede de colectivos e iniciativas nacionalistas de intervención
6 socio-política, capaz de acoller e canalizar a participación directa das persoas -
7 especialmente na mocidade e nos movementos sociais- que, mesmo sen o compromiso
8 da militancia directa, teñen moito que achegar e vontade de o facer.

9
10 Trátase de conquistar para o nacionalismo a hexemonía no campo da creatividade
11 política, recuperando ese papel de aspersor das ideas que poden empapar boa parte do
12 máis novo, fresco, transformador e activo da nosa sociedade. O nacionalismo, para gañar
13 na batalla das ideas, debe aspirar a ser caixa de ferramentas ideolóxica, contexto amplo e
14 aberto, chuvia fina que molle iniciativas e propostas alén das lindes orgánicas do BNG. E
15 iso implica crear contextos proclives para o xurdimento de propostas e iniciativas que
16 necesariamente han de ter despois desenvolvementos autónomos e dinámicos.

17
18 Algúns eixos e propostas de actuación para o desenvolvemento da **Estratexia Avanza**
19 **Galiza** –cuxo programa completo será elaborado e aprobado ao longo de 2017- serán os
20 seguintes:

- 21
- 22 • Activar a **Rede de concellos nacionalistas** como referente propio de políticas
23 locais transformadoras, cun criterio amplo e tentando incorporar máis concellos que
24 os do BNG, especialmente con gobernos independentes.
- 25 • Desenvolver iniciativas que contribúan a visibilizar a nosa acción de goberno,
26 reforzando o perfil do BNG como forza política beneficiosa, solvente e con
27 capacidade para pór en marcha propostas e medidas con marca propia.
- 28 • Atender especificamente as 7 cidades, coa elaboración dun plano de traballo
29 propio que marque, desde este 2017, a folla de ruta a seguir en cada unha delas.
- 30 • Traballar para conformar un '**Anel nacionalista**' ou espazo de coordinación e
31 iniciativas comúns das organizacións políticas, sindicais e sociais do nacionalismo.
- 32 • Estudar o lanzamento dalgún tipo de **iniciativa social ampla de defensa do País**
33 con criterios inclusivos e que tire proveito dos erros e dos acertos de experiencias
34 anteriores.
- 35 • Contribuír para a consolidación **espazo galego de comunicación**, que teña a
36 Galiza como referencia informativa básica, e que pasa polo apoio práctico a
37 iniciativas xornalísticas na nosa lingua que partan do compromiso esencial co noso
38 País.
- 39 • **Impulsar a auto-organización e iniciativa socio-política** en ámbitos en que hoxe
40 é máis feble como o estudantil, o feminismo ou o agrario, as persoas xubiladas,
41 das autónomas e daqueles colectivos específicos que viron especialmente
42 recortados nos últimos tempos os seus dereitos laborais e sociais, buscando
43 sempre a máxima unidade de esforzo entre as persoas nacionalistas e colectivos
44 que xa veñen traballando neses ámbitos.
- 45 • Impulsar a **implicación no traballo cultural** como esencial para fortalecer a
46 conciencia de País. Activación de novas iniciativas socioculturais de base e
47 reactivación do asociacionismo cultural existente, repensando funcionalidade, tipo
48 de actividades, etc... na busca dunha maior eficacia das propostas e do
49 alargamento da influencia social.

- 1 • Reactivar o **activismo lingüístico**, apoiando activamente as iniciativas
2 organizadas e desenvolvendo espazos e propostas concretas a favor do uso social
3 do galego.
- 4 • Promover a **participación activa en proxectos, iniciativas ou colectivos** de
5 ámbitos diversos: cultural, educativo, social, deportivo, económico...
- 6 • Apoiar e **activar iniciativas e espazos de acción socio-política** formais e
7 informais, con especial atención a aqueles que atinxen ámbitos de crecente
8 interese (dereitos sociais, urbanismo, consumo, economía ética...)
- 9 • Elaborar proxectos xurídico-políticos que permitan mellor visualizar a proposta da
10 Galiza soberana (Carta de dereitos do pobo galego; Novas Bases Constitucionais
11 da Nación Galega ou Proxecto de Constitución do Estado Galego...)
- 12 • **Ampliar o BNG**, con cecemento organizativo e expansión territorial.
- 13 • Apostar pola alianza das organizacións soberanistas das tres nacións, ou **Tríscele**
14 **nacionalista**, de especial interese nun contexto estatal en que a cuestión nacional
15 vai ser elemento central da axenda política.
- 16 • **Desenvolver e consolidar un ambicioso Plan de Formación**. Debemos atender
17 especialmente a batalla das ideas, procurando a implicación da Fundación Galiza
18 Sempre para a elaboración e divulgación de análises, estudos e alternativas
19 políticas. Será elaborado especificamente un Plan de Formación -tamén coa
20 participación da FGS- que incorpore iniciativas e ferramentas para a formación
21 política e a preparación práctica dos cadros políticos do BNG, incluído o campo da
22 comunicación política.
- 23 • **Incrementar o traballo que ligue a Galiza co mundo, nacionalismo e**
24 **internacionalismo**. Diseñar e activar espazos de traballo político internacionalista,
25 prevendo a participación de activistas galeg@s en foros e espazos políticos
26 internacionais e a presenza do BNG e de activistas e militantes nacionalistas en
27 iniciativas de carácter internacional.
- 28 • **Diseñar un Plan de comunicación**. Será redactado un plan específico que
29 estableza criterios estéticos e de imaxe unificados e permanentes e un estilo de
30 comunicación eficaz. Será redactado un plan específico que atenda a dupla
31 vertente, externa e interna, e estableza criterios estéticos e de imaxe unificados e
32 permanentes así como un estilo de comunicación eficaz. Nese sentido, o criterio
33 básico é que o noso discurso -partindo de que o marco discursivo principal do BNG
34 é a Galiza- debe ser comprensíbel, claro e pedagóxico e que as nosas políticas
35 sexan percibidas como as mellores para construír un país novo e diferente,
36 inclusivo e aberto, con emprego e benestar. Tamén debemos actualizar o
37 imaxinario e o campo de referencias simbólicas do nacionalismo para instalar na
38 sociedade galega a imaxe social que queremos e comunicar desde as necesidades
39 sociais que afectan directamente as clases populares, incorporando
40 adecuadamente os elementos simbólicos e os obxectivos estratéxicos.

41 **ANÁLISE DE CONTEXTO POLÍTICO**

42 A maioría de análises sobre o contexto político mundial, europeo, estatal e as súas
43 repercusións na Galiza realizadas polo BNG en anteriores procesos assembleares
44 continúan vixentes. Non se trata pois, neste apartado, de reiteralas todas, senón de facer
45 unha breve síntese actualizada que permita contextualizar mellor os debates e as
46 propostas desta XVI Asemblea Nacional do BNG.

1. UN SISTEMA EN CRISE

2

3 Nas últimas décadas asistimos á consolidación da fase imperialista do capitalismo,
4 comunmente denominada globalización ou mundialización, que acelerou algúns dos seus
5 efectos tras o inicio da actual crise, que non é cíclica. Os principais trazos que a definen
6 son os seguintes:

7

8 **Mundialización das relacións económicas**

9 Favorecida pola liberalización e desregulación da economía mediante a eliminación de
10 barreiras que poidan obstaculizar o libre tránsito de mercadorías e de capitais, limitando a
11 capacidade dos pobos e estados de interviren e regular as súas propias economías. Esta
12 situación vese acentuada con tratados de libre comercio que promoven macroáreas de
13 libre mercado caracterizadas pola prevalencia do lucro privado por riba da soberanía
14 nacional e dos intereses das maiorías sociais.

15

16 **Concentración do capital sen parangón na historia da humanidade**

17 Asistimos a un continuo proceso de concentración da riqueza e do capital mediante
18 monopolios e oligopolios a nivel mundial en moitos sectores estratéxicos de actividade
19 para o desenvolvemento de calquera pobo: enerxía, transportes, comunicacións,
20 alimentación, informática, medios de información, etc.

21

22 **Financiarización da economía**

23 Prevalencia do sector financeiro e especulativo sobre o sector produtivo mediante unha
24 expansión sen precedentes do capital financeiro privado, concentrándose en operacións
25 de carácter especulativo.

26

27 **Concentración do poder en instancias supranacionais, non democráticas e non 28 representativas**

29 O Banco Mundial, a OMC, a OCDE, o FMI, o G8, encontros e foros como o de Davos ou o
30 Clube Bilderberg, instancias que fican fóra do control democrático por parte dos pobos.

31

32 **Ausencia de soberanía real para moitas nacións do planeta e mantemento dunhas 33 relacións de dependencia e dominio**

34 Condena de moitas nacións ao subdesenvolvemento, á subordinación no político e á
35 explotación no económico.

36

37 **Minimización do espazo da economía que fica baixo control público**

38 Privatizacións e redución do sector público e mercantilización de todo tipo de bens e
39 recursos naturais, con consecuencias especialmente funestas cando falamos de sectores
40 como a sanidade, educación, servizos sociais ou pensións.

41

42 **Imperialismo**

43 O militarismo, as agresións e intervencións sobre estados soberanos, son unha constante
44 consubstancial ao sistema. De cara a favorecer aínda máis a libre circulación de capitais,
45 o libre comercio, asegurar o dominio de mercados, de rotas comerciais e enerxéticas,
46 apropiarse de recursos naturais, manter unha posición de dominio sobre man de obra
47 barata, manter determinadas posicións xeoestratéxicas empréganse métodos variados:
48 desde a desestabilización política como estamos a ver en América Latina, a agresión
49 militar (Magreb, Oriente Medio, Ucraia ou Siria) ou outro tipo de medios máis

1 disimulados, mais igualmente efectivos (diplomáticos, económicos, financeiros,
2 monetarios ou ideolóxicos).

3

4 **Aumento das desigualdades sociais, redución de dereitos e involución nas** 5 **conquistas políticas e sociais das últimas décadas**

6 Asistimos a un aumento exponencial das desigualdades e da pobreza, así como a un
7 retroceso nas conquistas sociais e laborais da clase traballadora que sofre un novo marco
8 de relacións laborais baseado na superexplotación da forza do traballo, a precarización e
9 inestabilidade laboral que provocan dificultades obxectivas para poder desenvolver un
10 proxecto de vida autónomo e digno.

11

12 **Represión**

13 Criminalización da loita social, limitación (cando non ilegalización) da actividade política e
14 sindical, redución das liberdades e garantías fundamentais, militarización da seguranza,
15 control da vida de cidadáns e cidadás, boicot e desestabilización de países, etc.

16

17 **Destrución do medio e sobreexplotación dos recursos naturais do planeta**

18 Padecemos un modelo de desenvolvemento económico insustentábel, que obvia os
19 límites do medio natural e impón a procura e maximización do lucro privado.
20 Sobreexplotación de recursos naturais, formas extractivas especialmente agresivas,
21 deforestacións xigantescas, dependencia dos combustíbeis fósiles, consumo brutal de
22 enerxía co subseguinte problema de residuos (especialmente a nuclear), deterioración
23 dos ecosistemas, quecemento global e cambio climático son algunhas das consecuencias
24 máis visíbeis.

25

26 **Imposición dun pensamento único e un determinado modelo cultural**

27 Tendencia á uniformidade nas pautas de comportamento da poboación mundial inoculada
28 a través de todo tipo de medios: cine, música, tradicións, hábitos alimenticios, etc..
29 Desprezo ás identidades e á diversidade cultural e lingüística. Desprezo ás identidades e
30 á diversidade cultural e lingüística. Imposición dunha cultura de desprezo da sociabilidade
31 e da organización colectiva en favor do individualismo, a desconfianza, a competencia a
32 calquera prezo e a exaltación dos intereses particulares.

33

34 **Emerxencia da dereita populista e xenófoba**

35 Un dos síntomas da crise do sistema é a emerxencia da dereita populista, de que é
36 exemplo a escolla como presidente dos EE.UU dun personaxe chauvinista, xenófobo e
37 machista como Donald Trump.

38

39 As razóns do crecente apoio a estas opcións non son alleas ás contradicións xeradas
40 pola globalización. Así, no caso dos EE.UU parece evidente unha crecente división entre
41 as propias elites económicas sobre o alcance da liberalización das relacións comerciais.

42

43 O empobrecemento das clases populares nos países centrais do capitalismo e a
44 conseguente extensión do sentimento de exclusión serve tamén de caldo de cultivo á
45 emerxencia destes fenómenos, que explotan sen reparos o odio ou o medo ás persoas
46 inmigrantes e ás estranxeiras (percibidas como competidoras) para rendibilizaren o seu
47 descontento.

48

49 A esta situación contribúe, sen dúbida, a incapacidade da esquerda á hora de articular
50 unha alternativa e a identificación como parte do establishment da socialdemocracia

1 europea e dos/as demócratas estadounidenses. Velaí a importancia, como afirmamos
2 nestas teses, de que o nacionalismo galego teña vontade decidida de contribuír a
3 conformar unha alternativa internacional tanto á globalización neoliberal como aos
4 emerxentes populismos chauvinistas.

5
6 Ese contexto mundial concrétase en Europa a través da UE que, desde a súa creación, se
7 veu caracterizando (tal e como analizou historicamente o nacionalismo galego) polos
8 seguintes trazos:

9
10 **Ser un instrumento ao servizo das grandes potencias e do gran capital europeo e**
11 **subordinar a democracia e o benestar ao mercado**

12 Ao longo dos últimos anos a UE, como un dos actores principais da denominada Troika,
13 foi o principal valedor da aplicación de recortes, da laminación de dereitos e conquistas
14 para as maiorías sociais, de rescatar economías quebradas pola burbulla financeira
15 mantendo os privilexios para o capital financeiro mentres se deterioran as condicións de
16 vida das clases populares.

17
18 **Ser unha institución antidemocrática**

19 A UE nega os dereitos dos pobos e as posibilidades de participación real e de control,
20 privilexiando a adopción das principais decisións por parte dunha elite burocrática ao
21 servizo dos intereses oligárquicos. Trátase dunha unión de estados que nega o dereito
22 das nacións sen estado europeas a poderen decidir libremente o seu futuro.

23
24 **Destruír a economía produtiva e economías nacionais autocentradas**

25 Maastricht, o Tratado Constitucional, a directiva Bolkestein, as privatizacións, os corsés a
26 sectores produtivos básicos (agrario, pesqueiro, naval...), as deslocalizacións, á
27 privatización da banca pública, a bancarización das caixas de aforro, etc., políticas que
28 aceleraron os procesos de privatización de empresas e sectores estratéxicos, así como
29 desmantelaron sectores produtivos estratéxicos para moitas nacións, o que contribuíu a
30 facer a periferia máis periférica.

31
32 **Agravar as desigualdades entre países e dentro de cada país**

33 A UE privou os gobernos estatais de instrumentos macroeconómicos cruciais como a
34 fixación dos tipos de cambio ou de xuro e outro tipo de políticas fiscais e de apoio a
35 sectores económicos determinados, que permitan un control efectivo da economía e dean
36 unha mínima marxe de manobra para tentar corrixir desequilibrios internos e externos
37 para fomentar a produción, o emprego e o crecemento. Para moitos países, sobre todo os
38 periféricos, supuxo desinvestimento, endebedamento externo, desindustrialización,
39 privatización de empresas estratéxicas e un perfil produtivo máis periférico e dependente.

40
41 **Militarizarse ao ditado dos EUA**

42 A UE delegou a súa política de defensa na OTAN con todo o que iso significa. Xogou un
43 papel de nefasto acompañamento á política belicista dos EUA nos principais conflitos
44 militares das últimas décadas: desde Irak a Libia, de Costa de Marfil a Crimea, de Siria a
45 Afganistán. Moitos destes conflitos tiveron como resultado movementos de refuxiad@s
46 sen precedentes. O seu tratamento deixa ás claras a verdadeira faciana da UE. É
47 evidente que a súa principal preocupación non é resolver o drama humano nin os
48 problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese, desde Irak a Libia,
49 de Costa de Marfil a Ucraína, de Siria a Afganistán. Moitos destes conflitos tiveron como

1 resultado movementos de refuxiad@s sen precedentes. O seu tratamento deixa ás claras
2 a extensión da manipulación mediática e a verdadeira faciana da UE.

3

4 **O Brexit como síntoma**

5 Neste contexto prodúcese o resultado do referendo do 23 de xuño de 2016 en Gran
6 Bretaña sobre a pertenza á UE, reabrindo de cheo o debate sobre o funcionamento da
7 Europa comunitaria e que supón, no fondo, unha severa crítica democrática ás políticas
8 desenvolvidas, caracterizadas por romper a cohesión social e privilexiar os intereses do
9 capital financeiro e das grandes corporacións, para o que tamén precisaron dun
10 funcionamento opaco e nada democrático. E con esta incerteza prodúcense fenómenos
11 como o ascenso da extrema dereita en diversos estados europeos xunto coa aparición de
12 opcións políticas aínda non moi definidas.

13

14 **2. A SITUACIÓN NO ESTADO ESPAÑOL: UN REXIME EN CRISE**

15

16 A situación política no Estado español no último tempo vén caracterizada
17 fundamentalmente por:

18

19 **Unha crise de réxime**

20 O Estado español atópase inmerso nunha crise do denominado réxime do 78. Ese réxime
21 non é outra cousa que o froito dunha transición fraudulenta pactada entre o franquismo e
22 a esquerda española. Trátase dun proceso mistificado e terxiversado en termos históricos
23 até o absurdo, baseado nun bipartidismo de alternancia entre a dereita e unha
24 socialdemocracia europeísta, unha descentralización autonómica simplemente
25 administrativa, confesionalidade católica no terreo práctico, un poder político subordinado
26 ás oligarquías económicas e un poder xudicial subordinado a ese poder político. Tamén é
27 un sistema monárquico que consagra o capitalismo como o único dos sistemas posíbeis e
28 unha submisión total á UE aos intereses políticos e militares dos EUA e da OTAN.

29

30 **Un novo sistema de partido no estado español**

31 O contexto político no Estado español está caracterizado por unha gran volatilidade formal
32 na correlación de forzas, mais non nas políticas de fondo. Vese condicionado, en gran
33 medida, pola crise económica, institucional e de lexitimidade agudizada pola corrupción
34 xeneralizada e pola crise do modelo territorial do estado. Existiu unha reformulación do
35 sistema de partidos que non supuxo, nin moito menos, a ruptura do bipartidismo, senón a
36 súa reformulación. Esta mudanza permitiu manter os grandes bloques políticos
37 practicamente inalterados ao tempo que se tenta reducir o peso do nacionalismo no
38 panorama estatal. Ese novo modelo propiciou a perda de voz propia de Galiza no estado
39 por vez primeira en vinte anos.

40

41 **Unha xestión recentralizadora da crise económica que se saldou cun estado máis desigual, máis inxusto e máis empobrecido**

42 A crise económica foi a coartada perfecta para avanzar nun proceso de recentralización
43 política e de políticas neoliberais. Trátase dunha involución que reduce a mínima
44 expresión as marxes reais de facer política desde e para Galiza.

46

47 Primeiro o PSOE, despois o PP, executando submisamente a disciplina fiscal e
48 orzamentaria imposta pola Troika (UE, BCE e FMI), aplicaron unhas políticas económicas
49 que provocaron unha maior concentración da riqueza e o empobrecemento dunha parte
50 moi importante da poboación, un aumento das desigualdades sociais, a privatización e/ou

1 desaparición de servizos públicos (cada vez menos e peores), maior represión e
2 retrocesos brutais en materias como a laboral: aumento das desigualdades sociais, do
3 paro, da emigración, da precariedade, da redución salarial, permanente desigualdade
4 entre homes e mulleres á hora de acceder a un posto de traballo e ás condicións deste.

5 6 **Baleirado e contestación do modelo autonómico**

7 O cuestionamento das nacións sen estado do actual marco provocou que algunhas forzas
8 políticas falen dunha modificación da constitución española cara a un novo modelo
9 “federal” que, en realidade, non é outra cousa que un redeseño do modelo autonómico
10 con outro nome, mais que mantería o pobo español como único suxeito político e seguiría
11 negando o dereitos nacionais dos pobos.

12 13 **O loita do pobo catalán pola súa independencia**

14 Os dez últimos anos na política catalá son a verificación práctica do carácter
15 antidemocrático do Estado español. Vivimos un ataque sen precedentes desde a dereita e
16 a esquerda española, desde os poderes institucionais, económicos e mediáticos. Non
17 existe ningunha caste de negociación nin empatía nin vontade real de diálogo. O único
18 que hai é intimidación, insultos, ameazas e instrumentalización do poder xudicial con
19 carácter represivo. O nacionalismo catalán volve demostrar que só o nacionalismo está
20 poñendo en xaque o réxime do 78.

21 22 **3. A REALIDADE DA GALIZA DE HOXE**

23 24 **O papel dependente da Galiza e as limitacións ao seu potencial de 25 desenvolvemento**

26 A situación socioeconómica da Galiza vén determinada tanto polo cadro xeral do
27 desenvolvemento do sistema capitalista -incluíndo neste a vixente crise-, como polos
28 negativos efectos de estar baixo un marco de dependencia política e económica. O
29 papel subordinado concedido á Galiza no Estado español ten un impacto directo na nosa
30 economía, que se veu ademais agravado pola forzosa inserción na UE e no euro, un
31 marco institucional que cada vez ten máis influencia á hora de tomar decisións que nos
32 afectan directamente. Na maior parte dos casos, estas decisións ignoran as necesidades
33 e prioridades de Galiza, xa que responden a outros intereses, o que se traduce en efectos
34 negativos e limitacións.

35
36 O noso país experimentou nas últimas décadas importantes mudanzas na evolución do
37 tecido produtivo, na estrutura de clases, nas condicións do traballo, na estrutura da
38 poboación, ou no modelo de asentamento urbano, entre outros factores que o BNG ten
39 que ter en conta na súa actuación política.

40
41 A evolución da Galiza deita unha situación socioeconómica, e tamén do punto de vista
42 socio-cultural, que alén de ser coñecida dun xeito descritivo, ha de ser tamén analizada
43 en función do principal factor que condicionou o noso desenvolvemento, a falta de
44 soberanía, de capacidade política plena da Galiza, que coutou o aproveitamento da nosa
45 riqueza e o noso potencial de desenvolvemento

46 47 **Poboación e territorio**

48 A poboación galega diminuíu ao longo das últimas décadas e presenta un envellecemento
49 importante, o que evidencia a incapacidade do actual marco autonómico para desenvolver
50 o país. É sintomático que a Galiza teña aproximadamente a mesma poboación en termos

1 absolutos que no ano 1981, cando comezaba a autonomía, mais diminuíu a porcentaxe
2 que representamos no conxunto da poboación do Estado español: pasamos de
3 representar o 7,30% a un 5,84% na actualidade. Ademais disto comprobamos a
4 persistencia dunha emigración forzosa que afecta a moita xente nova ao tempo que
5 recibimos maioritariamente poboación xubilada.

6
7 En paralelo, nas últimas décadas rexistrouse un proceso de concentración da poboación
8 nas cidades e sobre todo no eixo atlántico ao tempo que se producía a desertización do
9 interior do país. Mais sendo as cidades as que recollen a porcentaxe máis alta de
10 poboación, na actualidade ese crecemento é estábel e é nas periferias destas onde se
11 están a desenvolver os chamados procesos de conurbación. O tráfico de acceso a
12 cidades como Vigo ou A Coruña multiplicouse por 4 nos últimos 20 anos.

13
14 A pesar desta dinámica, o modelo territorial galego ten especificidades propias e o modelo
15 territorial do Estado español non está pensado para a realidade do noso país, a comezar
16 polo feito de existiren no país 30.000 núcleos de poboación, que representan a metade
17 dos núcleos de todo o Estado. A actual organización administrativa do territorio, lonxe de
18 contribuír ao seu desenvolvemento e posta en valor, desvirtuou aínda máis a falta dunha
19 política territorial específica en función da nosa realidade. A Galiza precisa un novo
20 modelo administrativo e leis adaptadas á súa realidade. Propostas como suprimir as
21 deputacións, considerar a parroquia como unha unidade territorial e a aposta pola
22 estrutura comarcal debe ter o seu reflexo nunha planificación territorial até o de agora
23 descoñecida.

24 25 **A situación lingüística e cultural**

26 Tanto a lingua, que constitúe o principal sinal de identidade dun pobo, como a cultura de
27 noso, áchanse nunha situación delicada como consecuencia dunha evidente diminución
28 da identificación social, manifestada especialmente na perda de falantes e de transmisión
29 interxeracional, así como na crecente introdución e asentamento de fenómenos culturais
30 foráneos e a substitución dos propios. Ambos os fenómenos actúan para a perda de
31 identificación co País e, por tanto, de conciencia nacional.

32
33 A mocidade, nomeadamente a urbana, é o sector máis afectado e con máis baixa
34 adhesión á lingua e cultura galega, que está maioritariamente ausente do seu contorno,
35 coa mínima excepción dalgunhas materias no seu percurso escolar. Lingua e cultura
36 fóronlles furtadas a esta xeración, e o nacionalismo precisa actuar neste escenario cunha
37 práctica adecuada á realidade actual.

38
39 A situación fai pór en perigo o dereito da sociedade galega ao acceso á cultura e ao
40 coñecemento de xeito igualitario. A crise económica está a valer de pretexto para
41 desmantelar o sector cultural cando debería ser o contrario se o que queremos é fomentar
42 unha sociedade onde a educación, a ciencia e as diferentes expresións artísticas en
43 chave galega axuden a conquistar un país máis xusto e igualitario. Os recortes
44 orzamentarios non son en si o máis preocupante senón a improvisación e a non análise
45 das súas consecuencias. Debemos defender o acceso á nosa cultura en todas as franxas
46 de idade da nosa sociedade, dála coñecer tanto no ámbito rural como no urbano e facela
47 atractiva para todos os sectores de idade. Así mesmo, consideramos vital manter unha
48 interlocución directa coas persoas que traballan neste ámbito e apoialas no seu traballo
49 alá onde nos sexa posíbel e promovela como organización.

50

1 Hoxe, para alén de se manteren actuacións institucionais -mesmo no ámbito legal-
2 claramente regresivas, os mecanismos de asimilación cultural e lingüística son máis sutís
3 e, precisamente por iso, máis perigosos e eficaces no seu obxectivo de iren introducindo
4 no imaxinario colectivo elementos de identificación nacional alleos. Contan, aliás, con
5 poderosos resortes mediáticos e propagandísticos.

6
7 É neste contexto que o nacionalismo debe actuar con decisión para reverter esta
8 situación, o que exige recuperarmos a lingua para a primeira liña do discurso político e
9 actuarmos con coherencia en todos os ámbitos, a comezar por aquilo que depende
10 directamente de nós.

11
12 Temos unha longa traxectoria de análise lúcida sobre a situación da lingua e tamén de
13 traballo social en prol da plena normalización, unha bagaxe que nos debe servir para
14 resituar o traballo actual do BNG. O facto de que hoxe, felizmente, existan diversas
15 organizacións sociais e culturais que desenvolven un traballo específico neste ámbito non
16 debe ser escusa para que como organización manteñamos unha actitude proactiva,
17 propositiva e de intervención social en relación coa lingua e a cultura nacionais.

18 Por coherencia e por credibilidade política, é fundamental impulsar dedicadamente as
19 políticas normalizadoras que defendemos naquelas institucións onde o BNG ten
20 competencia de goberno, así como exixir que o fagan os socios de goberno, onde os
21 houber. Do mesmo modo, dar exemplo constante no uso do noso idioma e procurando
22 mellorar a calidade da lingua entre a militancia e cargos institucionais e orgánicos do BNG
23 así como na galeguización dos nomes e na restauración dos apelidos propios.

24 No que ten a ver coa actuación social, partimos de que son correctas as liñas de traballo
25 en andamento, sen prexuízo da necesidade de actualizar medio e propostas. En todo o
26 caso, entendemos que neste momento cómpre apostar claramente por un modelo de
27 ensino en que o galego sexa a lingua vehicular como a mellor maneira de recuperarmos o
28 uso da lingua na mocidade.

29
30 O contexto político na Galiza veu condicionado, fundamentalmente, polos seguintes feitos:

31
32 **Nova e reforzada maioría absoluta do PP no Parlamento galego**
33 O goberno galego, en submisión ao central e aos poderes económico-financeiros e
34 institucionais españois, continúa a actuar contra os intereses da Galiza e a ser cómplice
35 da perda de dereitos sociais e nacionais do pobo galego.

36
37 **Continuidade da estratexia recentralizadora do PP**
38 Impulsada desde a súa maioría absoluta no Estado español no ano 2000, tivo repercusión
39 na Galiza en amplos planos, como foi a demonización do nacionalismo, a inxerencia nas
40 competencias exclusivas da Galiza ou a persecución do galego. Existe un proceso de
41 dupla recentralización que converte a Galiza nunha nación dobremente periférica: unha
42 centralización “tecnocrática” cara a Bruxelas e outra política cara a Madrid. Esta última
43 crea un marco de dependencia e subordinación no económico e no político e de
44 asimilación no cultural e lingüístico que imposibilita ter un desenvolvemento económico
45 autocentrado, planificado desde e para Galiza e debilita as nosas bases produtivas e
46 distributivas. Esa dependencia é a que explica problemas estruturais do noso país como o
47 devalo demográfico, a emigración, o avellentamento, o abandono do rural e dos traballos
48 asociados, ou outro tipo de comportamentos como o autoodio ou a perda continuada de
49 falantes no noso idioma. Galiza non é viábel co actual marco de descentralización

1 puramente administrativa. A autonomía non permite incidir sobre os aspectos que son
2 claves para o desenvolvemento económico, social, cultural e lingüístico do noso país.

3

4 **A reformulación do sistema de partidos español trouxo consigo unha maior** 5 **españolización da Galiza**

6 Desde as eleccións municipais de 2015 consolidouse unha alianza estábel na Galiza de
7 partidos da esquerda española e de organizacións galegas, cuxa satelización polas forzas
8 estatais é cada vez maior. Porén, a súa participación favoreceu que gañase confianza
9 entre o electorado nacionalista, servindo ao histórico obxectivo da esquerda española de
10 absorber o espazo político e os apoios electorais do nacionalismo galego. O que é
11 evidente é que as forzas autodenominadas do cambio non están respondendo ás
12 expectativas creadas. Cómpre resaltar que nalgúns emprazamentos mesmo exercen
13 unha oposición non só dirixida a obstaculizar os gobernos do BNG senón que tamén se
14 colocan como opositoras ao modelo alternativo e de xustiza social que o nacionalismo
15 está aplicar onde goberna.

16

17 **A crise acentuou algúns dos problemas estruturais do noso país**

18 Falamos do demografía, do envellecemento poboacional, da emigración, do proceso de
19 destrución e desmantelamento dalgúns dos nosos sectores produtivos máis importantes,
20 da precarización até extremos insoportábeis ou da consumación da centralización e
21 privatización financeira (caixas e Banco Pastor, Banco Gallego), das imposicións en
22 materias que son competencias plenas da Galiza (ensino, sanidade ou comercio)

23

24 **A situación do tecido produtivo**

25 Nas últimas décadas mudou de forma acelerada a importancia relativa de cada un dos
26 sectores produtivos na economía do país.

27

28 Na distribución porcentual de cada sector desde 1980 a agricultura e pesca pasaron de
29 representar o 41,6% a menos do 7%, tras un proceso de destrución da actividade que
30 foi erroneamente equiparado cun proceso de modernización económica xeral.

31

32 Canto os servizos pasaron de supoñer menos da terceira parte -30,8%- a case dous
33 terzos -71,2%- e convertéronse no principal sector con moita diferenza. E a industria
34 descende tamén porcentualmente ao pasar do 17 ao 15%.

35

36 Estes fondos cambios teñen a ver coa ausencia dun modelo de desenvolvemento propio.
37 Nalgúns casos, determinados sectores produtivos de Galiza sufriron o desmantelamento e
38 reestruturación ordenados polo Estado español e a Unión europea, dentro dun proceso de
39 remodelación produtiva de longo alcance deseñada para fortalecer intereses alleos, como
40 aconteceu co agro-gandeiro, a pesca ou o naval. Noutros casos, a estratexia foi situar a
41 produción na Galiza de empresas aproveitando vantaxes comparativas (entre elas a
42 enerxía, a situación para o transporte marítimo...), para logo exportar a produción sen
43 reverter na Galiza os beneficios xerados.

44

45 Non houbo unha planificación económica en función dos intereses da Galiza. As distintas
46 opcións produtivas sempre se idearon para atender outras necesidades. O modelo
47 enerxético é o paradigma disto. Un terzo da enerxía que producimos marcha do país sen
48 obter na práctica ningún tipo de beneficio. As solucións ideadas en resposta á crise
49 financeira no Estado español tamén causaron na Galiza máis desequilibrios económicos,

1 pois a reestruturación acometida das caixas de aforro rematou cun sector financeiro
2 propio e deu pé ao espolio do aforro galego.

3
4 Galiza está quedando atrás na innovación. Temos un país menos innovador e con menos
5 tecido produtivo. Reduciuse o investimento en i+D+i, Galiza inviste en I+D+i un
6 escasísimo 0,89% do PIB (ano 2014). Do mesmo xeito, o gasto en I+D per capita baixou
7 dos 211,7 euros no 2008 a 174,2 no 2014. Un dato que indica a intensidade deste
8 descenso é que as empresas con actividades innovadoras caeron á metade. Se no 2008
9 existían 1.930 empresas con actividades innovadoras, esta cifra reduciuse nun 50%, até
10 as 973 empresas que realizan estas actividades no último ano con datos dispoñíbeis
11 (2014).

12
13 A Galiza ten moitas posibilidades de desenvolvemento económico, tanto nos sectores
14 produtivos que foron maltratados como en novas actividades. No propio sector enerxético,
15 cunha planificación propia podería verse incrementada a capacidade, sempre dentro
16 dunha forma ambientalmente sustentábel e dentro dos límites ecolóxicos reais, no actual
17 proceso de substitución das enerxías fósiles pola biomasa no uso térmico. No que atinxe
18 a outras actividades, poderíamos citar o móbel, as telecomunicacións ou a biotecnoloxía,
19 entre outros. Nesta liña tamén cómpre seguir reivindicando a necesidade de termos
20 capacidade de transformación dos nosos importantes recursos primarios, co fin de deixar
21 a plusvalía e os postos de traballo que se van cara a fóra na Galiza e facer unha aposta
22 estratéxica pola innovación e a modernización do tecido produtivo galego. Tamén se debe
23 dar importancia ás mudanzas no sector agro-gandeiro nas xeracións de nova
24 incorporación, e potenciar a transformación dos produtos agrarios, apostando por
25 diversificar a actividade agraria e garantir rendas dignas.

26
27 Por outra parte, temos que ter presente a enorme diversidade e heteroxeneidade do
28 sector servizos. Neste sector agrúpase gran cantidade do traballo precario e de peores
29 salarios mais, en realidade, tamén existen servizos que están estritamente vinculados á
30 produción e, por tanto ao sector secundario, así como servizos de alta cualificación e
31 tecnoloxía. Os ámbitos predominantes son o subsector do comercio, seguido das
32 actividades sanitarias e os servizos sociais.

33
34 **A realidade socioeconómica, a estrutura de clases e a precariedade laboral**
35 Esta transformación canto á ocupación e á situación dos sectores revela tamén
36 unha transformación na realidade socioeconómica do país e que se acelerou durante os
37 anos da crise económica.

38 Hai un proceso de precarización do traballo moi acentuado que afecta dun xeito moi claro
39 a xente nova e as mulleres. Desta maneira, as novas xeracións de traballadoras e
40 traballadores incorpóranse ao traballo nas condicións laborais e na lexislación xeral
41 imposta polo modelo neoliberal.

42
43 O tecido empresarial acusou tamén os efectos dos procesos de concentración que se
44 aceleraron coa crise. Das 210.000 empresas existentes en 2009 na Galiza, houbo un forte
45 e continuado ritmo de destrución de tecido produtivo que supuxo a desaparición de 11.000
46 empresas, até chegar ás 199.000 actuais.

47
48 As principais actividades, con base nos ingresos obtidos (datos do ano 2014), que
49 describen o tecido empresarial radicado na Galiza, son a confección téxtil (24,2% do
50 total), automoción e equipo (12,7%), agroalimentaria (11,3%), pesca (10%) e construción

1 (8,5%). En todas elas salienta a predominancia de corporacións transnacionais e de
2 tecido empresarial de capital foráneo con residencial fiscal en Madrid.

3
4 O groso de actividade económica e do emprego desenvólvese na pequena e mediana
5 empresa. En 2014, o 87,42% das empresas con actividade no noso país tiña entre 0 e
6 2 traballadores/as asalariados/as. En troca, nese ano, só o 0,19% das empresas
7 empregan máis de 100 traballadoras/es. O 62,40% das empresas eran titularidade de
8 persoas físicas fronte o 37,60% artellado sobre sociedades de diferente tipoloxía (de
9 responsabilidade limitada, anónimas, cooperativas...).

10
11 Non obstante, o traballo asalariado, cun papel central na economía capitalista moderna,
12 convive coa presenza do autoemprego, cunha notábel importancia socioeconómica:
13 existe no noso país un importante número de traballadoras e traballadores por conta
14 propia -máis de 200.000.

15
16 Aínda que o concepto de traballadoras e traballadores autónomas en realidade encobre
17 situacións moi diferentes -desde as que empregan poucas ou ningunha traballadora e
18 participan de forma pequena nas ganancias, até as que acceden a máis ganancias e
19 empregan máis traballadores/as, sen esquecer a condición forzadamente fraudulenta dos
20 falsos autónomos- unha boa parte deste grupo comparte as condicións de precariedade
21 laboral e dificultades que padecen as asalariadas e asalariados, mais cunha problemática
22 diferente que ten que ver coa tributación, as condicións de xubilación, os distintos dereitos
23 por incapacidade temporal, o subsidio por desemprego, ou a mesma rendibilidade
24 económica do traballo desenvolvido.

25 26 **Pobreza laboral e social e discriminación das mulleres**

27 Todos os indicadores revelan unha situación aínda máis precaria para as mulleres
28 traballadoras, que evidencia unha fenda estrutural: a taxa de actividade das mulleres é
29 case 10 puntos menor que a dos varóns, teñen un maior paro, tres de cada catro
30 contratos a tempo parcial corresponden a mulleres, os salarios son 5.000 euros inferiores
31 de media ao ano, e as pensións son, como media, moi inferiores.

32
33 Ademais de ocuparen os empregos máis desvalorizados e precarizados as mulleres
34 soportan o peso do traballo no fogar e de coidados, imprescindíbeis para a reprodución da
35 vida e o sustento do modelo social capitalista e explotador en que vivimos. A invisibilidade
36 e gratuidade dese traballo supón que a contribución destas á riqueza colectiva é furtada
37 polo sistema e non revirte na mellora ou dignificación das súas condicións de vida.

38
39 Neste contexto constatamos como medran as desigualdades sociais. Así descende a
40 participación na renda das asalariadas e asalariados mentres medran os beneficios
41 empresariais; na Galiza hai máis de 700.000 persoas en risco de pobreza, hai máis de
42 30.000 familias sen ningún tipo de ingreso e nos últimos anos, mentres pregoan a saída
43 da crise económica, no noso país medrou a taxa de pobreza.

44
45 Estudos recentes demostran un preocupante incremento das agresións e delitos de odio
46 contra as persoas LGTBI, en particular en situacións de vulnerabilidade como o ámbito
47 escolar, a infancia, a mocidade, as persoas en desemprego e as persoas maiores. A
48 situación agrávase por se tratar de violencias aínda pouco abordadas desde o ámbito
49 institucional, como demostran a escaseza ou precariedade dos servizos públicos de

1 información e atención para a comunidade LGTBI en materias como a saúde sexual e
2 reprodutiva, o acompañamento e tratamento, a sensibilización, etc...

3 4 **Adelgazamento do público vs lucro do sector privado**

5 É relevante analizar o impacto dos procesos de privatización dos servizos públicos
6 nas súas diferentes dimensións, local, nacional ou estatal. As privatizacións e os recortes
7 sociais están supoñendo unha deterioración importante dos servizos públicos, con
8 supresión de servizos ou desmantelamento, e están empeorando as condicións laborais
9 das persoas que traballan nestes servizos.

10
11 O ámbito do ensino e a sanidade foron os que máis sufriron os recortes sociais e onde
12 máis se notou o impacto da redución do orzamento público.

13
14 De feito, a Galiza **recortou en políticas sociais por riba da medida estatal**. Foi a cuarta
15 CCAA que máis recortou, mentres a media do Estado español presenta un descenso do
16 14.53% en orzamentos para políticas sociais na Galiza foi do 16,21 %. Respecto a 2009,
17 agora hai 1.152 millóns de euros menos para gasto social que repercutiu no descenso de
18 profesorado ou persoal sanitario, e nunha deterioración evidente dos servizos públicos
19 galegos.

20 21 **A crise e o novo espolio da Galiza**

22 O noso país levaba xa décadas en crise antes do estoupido da crise financeira, pola
23 perda sostida durante máis de tres décadas de tecido produtivo, descenso da poboación,
24 atraso nos investimentos e equipamentos públicos, etc.

25
26 A crise económica actual deixou ao descuberto a falta de alternativas que a Galiza ten
27 dentro dun marco de desenvolvemento económico dirixido e guiado polos intereses de
28 Madrid ou Bruxelas. As decisións adoptadas ignoran as necesidades e prioridades da
29 nosa nación, e no canto de abrir oportunidades económicas afondan no aproveitamento e
30 espolio da capacidade produtiva e financeira e os primeiros resultados están á vista:
31 emigración xuvenil masiva, precariedade laboral e deterioración xeneralizada das
32 condicións de vida de galegas e galegos.

33 34 **O desmantelamento financeiro**

35 Unha das perdas máis relevantes para a nosa economía foi a desaparición das caixas,
36 que respondeu a un deseño político pactado entre o PP e o PSOE para recentralizar o
37 poder financeiro e simplificar o mapa das entidades resultantes. Isto provocou que o noso
38 país perdese o único instrumento financeiro de carácter semipúblico, que podía permitir o
39 desenvolvemento dunha política de financiamento e crédito orientada á posta en marcha
40 das nosas potencialidades produtivas, o apoio aos seus sectores estratéxicos. A
41 resultante acentúa unha situación en que o noso aforro emigra e non se usa para
42 desenvolver o propio país. Así, mentres na Galiza o volume de depósitos ascende a
43 59.453 millóns de euros, só se concede crédito por valor de 43.994 millóns de euros, polo
44 que 15.459 millóns de euros de aforros das galegas e galegos non se destinan en
45 fornecer crédito á economía produtiva, senón que emigran cara a outros territorios. A
46 situación é alarmante, xa que os créditos ás galegas e galegos só representan o 74% dos
47 depósitos bancarios existentes no país, é a porcentaxe máis baixa de todos os territorios
48 do Estado español e, desde que governa Núñez Feijóo, tamén temos a peor evolución do
49 crédito de todo o Estado.

50

1 **A apropiación fiscal a través dun sistema de financiamento centralizado**

2 O vixente modelo de financiamento, que é indisociábel do deseño autonómico do que
3 nace, priva a Galiza da capacidade de se responsabilizar por si propio no que atinxe ao
4 financiamento e á xestión dos recursos públicos.

5
6 Ese impedimento ten unha consecuencia directa: parte dos ingresos fiscais que se xeran
7 aquí son destinados a competencias interesadas do Estado español, non retornan a
8 atender o financiamento dos servizos básicos e as políticas sociais. É a administración
9 central quen reparte, e nos últimos anos acordou dar preferencia, tamén cos impostos
10 pagados por galegas e galegos, a rescatar a banca ou manter o gasto militar.

11
12 Ademais, en convivencia coa Troika, tamén se importou un modelo de xestión dos
13 orzamentos públicos baseado na “austeridade” que, en realidade, implica limitar a
14 capacidade de intervención a través do gasto e o investimento público para favorecer a
15 privatización e a extensión do capital privado cara ás áreas do estado do benestar
16 (pensións, sanidade, educación, etc). Esta disciplina fiscal coutou aínda máis a limitada
17 autonomía financeira da Galiza e estendeu eses efectos aos concellos, tendo que aplicar
18 os recortes orzamentarios que impediron a extensión do gasto e investimento social en
19 momentos dunha dura crise social.

20
21 Cómpre desenmascarar o discurso do “Estado benefactor”, que por pasiva se traduce na
22 ilusoria “Galiza subsidiada”, e que unicamente ten fundamentación ideolóxica.
23 Responsabilizámonos por nós propias/os da xestión dos recursos públicos é unha
24 condición indispensable para lograr desenvolver un modelo económico autocentrado.
25 Neste sentido, a aspiración do BNG é a de que a Galiza acade un concerto económico, a
26 pivotar sobre unha Axencia Tributaria Galega que asuma plenamente a recadación
27 impositiva.

28
29 Esta asunción plena da capacidade fiscal permitirá, por unha banda, un novo modelo de
30 financiamento local elaborado baseándose na realidade dos concellos do país, que lles
31 conceda un financiamento equitativo que poña fin á discriminación que padecen respecto
32 dos municipios e cidades doutros territorios.

33
34 E por outra banda, ademais, mellorará a eficacia na recadación fiscal, aplicando unha
35 política redistributiva, actuando sobre as rendas máis altas o que redundará en podermos
36 revertir a dinámica de orzamentos públicos contraídos, tanto da administración galega
37 como dos concellos da nación, para seren expansivos alargando o gasto social e o
38 investimento público, para atender con medios suficientes a situación de emerxencia
39 social que padece o país, revertir os recortes practicados nos últimos anos nos
40 servizos públicos e estimular unha recuperación económica e produtiva sólida.

41 **O espolio enerxético da Galiza**

42 Tamén se agravou un modelo eléctrico que consolida o papel da Galiza como
43 subministrador de enerxía, que favoreceu o desenvolvemento e industrialización doutros
44 territorios tendo que soportar, sen compensacións, os custos ambientais que esta
45 actividade supón.

46
47
48 O territorio galego tivo que soportar custos sociais e ambientais derivados desta
49 especialización: desprazamento de poboación, asolagamento de vales, contaminación,
50 etc, para recibir o mesmo prezo de enerxía que outras zonas non produtoras, sen poder

1 aplicar tarifas especiais nin a persoas en situación de pobreza enerxética nin ás empresas
2 galegas que precisan enerxía para poder competir. A negativa a unha tarifa eléctrica
3 galega está imposta por un deseño eléctrico a medida dos intereses do oligopolio da
4 industria enerxética, e impide tamén empregar a nosa condición de produtora de enerxía
5 como panca de desenvolvemento económico.

6

7 **Con confianza no País**

8 A pesar desa situación e as evidencias dunha Galiza que non vai na boa dirección, no
9 BNG temos o convencemento de que a Galiza ten un futuro prometedor se tomamos as
10 decisións acertadas. Temos que ser capaces de lle dar a volta á situación apostando por
11 planificar, defender, e modernizar, os sectores produtivos, aproveitando e creando
12 sinerxias entre os recursos económicos existentes e as vantaxes comparativas que
13 dispomos e afrontando un cambio de modelo que teña na sustentabilidade e no emprego
14 digno dous piares básicos.

15

16 Este optimismo na adversidade ten unha base moi real. En todos os sectores afectados
17 por medidas políticas que non acabaron coas posibilidades de desenvolvemento na
18 Galiza fomos quen de nos converter en punteiros. Citemos, por exemplo, a xenómica
19 humana, a robótica, a biotecnoloxía, o viño, o téxtil, a automoción, como algúns dos
20 exemplos senlleiros, entre outros moitos.

21

22 Mais para alén deste potencial, a Galiza conta tamén con persoas capacitadas, con
23 enxeño e amor polo traballo ben feito, que teñen como meta o esforzo por innovar e
24 mellorar continuamente. Nunca fallou a capacidade de iniciativa nin a cualificación
25 humana, senón a cobertura política, as medidas de impulso e consolidación da actividade
26 económica que vai abrindo a sociedade. A pesar das inmensas barreiras, a Galiza amosa
27 unha enerxía positiva enorme que hai que canalizar desde as instancias políticas. Este é
28 o obxectivo prioritario dos retos que temos como país: pór a Galiza a producir, a crear
29 emprego, a xerar riqueza. É fundamental defender o noso medio natural e cultural, loitar
30 contra o etnocidio e ecocidio para protexer o noso patrimonio material e inmaterial, así
31 como para afondar na descolonización simbólica que se enfrenta ao autoodio ou a
32 desgaleguización.

33

34

35 **TESE DE ORGANIZACIÓN**

36

37 Toda organización política é froito dos seus erros e dos seus acertos. Con esta argamasa
38 foise modelando o BNG. Mais as organizacións tamén se constrúen coa pegada das
39 persoas que, dun ou doutro xeito, participan do proxecto. Neste sentido, as e os militantes
40 nacionalistas son o activo máis importante do BNG e o mellor punto de partida desta nova
41 etapa que abrimos e que temos que consolidar.

42

43 Como organización política temos retos importantes que afrontar e promover cambios que
44 melloren a nosa vida interna e a relación coa sociedade, cun mellor activismo social e con
45 presenza en todo o territorio e en todos os sectores. Singularmente importante debe ser
46 atraer máis mocidade ao nacionalismo e procurar novas incorporacións que garantan o
47 relevo e a continuidade do nacionalismo.

48

49 O BNG nesta nova etapa debe prestar especial coidado a todas e cada unha das persoas
50 que forman parte da casa común do nacionalismo. Debemos atender a dimensión

1 humana que hai en toda organización, coidar os procedementos e fomentar espazos para
2 a participación real e a contribución dos diferentes saberes e capacidades. Fraternidade,
3 irmandade e procura de consensos deben ser os principios que inspiren a nosa
4 participación.

5
6 Debemos afondar no asemblearismo como forma básica de participación política.
7 Fortalecer as asembleas locais, conformando estes espazos como canle aberta para a
8 participación de todas as persoas, -teñan carné ou non-, que comparten principios e o
9 ideario nacionalista. Precisamos que a nosa estrutura organizativa sexa áxil, pouco
10 burocrática e moi participativa e que permita aos seus membros faceren política na rúa,
11 nas institucións e nos movementos sociais. Ademais, debemos impulsar novas formas de
12 participación que fornecen as tecnoloxías.

13
14 A transparencia tanto externa como interna é outro obxectivo principal. Temos que
15 incrementar as canles de comunicación e de información entre todos os organismos e
16 continuar a afondar na clareza na formulación de todos os aspectos da vida organizativa,
17 para conseguir que tanto militantes como simpatizantes teñan coñecemento das posicións
18 arredor de calquera tema e potenciando o debate, o contraste de ideas a formación como
19 ferramentas imprescindíbeis para a consolidación do proxecto nacionalista.

20

21 **1. TESE**

22 1.1. O BNG continúa a ser o instrumento político máis válido para a articulación do
23 nacionalismo na Galiza. Non é unha formación política convencional máis nin debe selo,
24 nin nos obxectivos que procura, nin na súa praxe, nin no xeito de se organizar. Trátase
25 dunha organización asemblearia, de adscrición individual, plural e diversa na súa
26 composición.

27

28 1.2. A denominación BNG é histórica, está moi consolidada e ten un elevado nivel de
29 coñecemento social. A militancia séntese orgullosa e identificada con ela. Vincúlase,
30 ademais, a un historial de loita, de coherencia, de honestidade e de entrega á Galiza.

31

32 1.3. O BNG é unha organización de adscrición individual e de funcionamento unitario,
33 onde cada militante posúe os mesmos dereitos e deberes con independencia da súa
34 filiación ou non a algún dos partidos ou colectivos que a integran. Mais é unha evidencia
35 da historia do nacionalismo e da realidade actual que o BNG é unha organización plural e
36 diversa política e ideoloxicamente. O recoñecemento expreso do pluralismo interno é
37 unha garantía democrática que mesmo pode favorecer eventuais integracións colectivas.
38 Recoñécese a vixencia da estrutura frontista, entendida como organización plural, con
39 formulacións ideolóxico-políticas expresamente recoñecidas. Esta estrutura, ademais,
40 permite considerar o BNG como espazo común para quen quixer sumar, individual ou
41 colectivamente, o seu traballo ao proxecto de liberación nacional, e favorece a verificación
42 da vontade de unidade nacionalista no futuro.

43

44 1.4. A unidade e cohesión internas son valores a preservar en todos os ámbitos da
45 organización, e multiplican as posibilidades de penetración social, consolidación
46 organizativa e de medre electoral. Calquera diferenza débese resolver internamente, e hai
47 canles orgánicas que o posibilitan, que sempre poden ser melloradas. Coidar e alimentar
48 o bo clima interno de confianza e compañeirismo, non está rifado co debate político nin
49 coa diversidade ideolóxica, que enriquece.

50

1 1.5. O assemblearismo é un dos principais valores e sinal de identidade do BNG,
2 recoñecido dentro e fóra da organización. Reafirmar o carácter assembleario do BNG é
3 tamén unha aposta pola democracia e a participación como trazos básicos de
4 funcionamento interno.
5

6 1.6. É un obxectivo prioritario consolidar a organización e incrementar a militancia,
7 apostando pola expansión e por unha estrutura territorial que implique máis fortaleza da
8 trabazón nacionalista, máis operatividade política, máis axilidade na resposta e
9 funcionamento normalizado da organización.
10

11 1.7. Nunha nación anulada como a que pretendemos liberar, é imprescindible que o corpo
12 social nacionalista posúa coñecementos mínimos sobre o país, a súa historia
13 -desalienada-, o uso da lingua, ou nocións sobre principios político-ideolóxicos do
14 nacionalismo, do feminismo e do ecoloxismo e pautas de actuación organizativa, política e
15 institucional homoxéneas. Tamén debe ser preocupación permanente o relevo natural e
16 positivo de referentes e cadros a nivel nacional, comarcal e local, co fin de garantir o
17 futuro e a viabilidade da organización e do proxecto nacionalista.
18

19 1.8. Os perfís das persoas simpatizantes son moi variados e, aínda que debemos
20 potenciar ese obxectivo, non sempre se van converter en militantes, polo que temos que
21 construír lazos de unión e participación máis profundas e constantes coa esta nosa
22 primeira base social. Á vista da experiencia dos últimos tempos concluímos que a
23 organización e implicación do continxente diverso de simpatizantes contribúe claramente
24 ao obxectivo de fortalecer o BNG.
25

26 1.9. O traballo xuvenil, ademais de importante para o sector social ao que se dirixe,
27 resulta estratéxico para o presente e futuro do proxecto nacionalista. Recuperar espazos
28 e gañar referencialidade para o BNG na mocidade é obxectivo relevante na fase actual.
29 Galiza Nova, como organización xuvenil do BNG, contará con apoio e recoñecemento
30 para o mellor desenvolvemento da súa acción na mocidade.
31

32 1.10. En relación coas finanzas, débese valorar o BNG como unha organización única,
33 tendo en conta o compromiso, tamén en materia económica, que adquire a súa militancia
34 e cargos institucionais. Fomos quen de superar, con moito esforzo e colectivamente, unha
35 situación -froito doutra época- que comprometía a propia capacidade operativa do BNG.
36 Con todo, cómpre continuarmos na dirección iniciada até liquidar calquera tipo de débeda.
37

38 1.11. Nestas teses subliñamos o carácter antagónico do nacionalismo galego coas unións
39 imperialistas, entre as que salientamos a Unión Europea. Para sermos coherentes,
40 debemos apostar por manter unhas relacións internacionais libres de calquera
41 dependencia e diversificadas, en formatos bilaterais ou multilaterais, mais orientadas
42 simultaneamente polo respecto á libre decisión dos pobos, a transformación social, o
43 combate contra a UE e a defensa da súa superación en favor dun novo marco de
44 relacións internacionais.
45

46 1.12. O BNG entende as institucións públicas como unha ferramenta para o avance do
47 movemento político-social do nacionalismo galego e non como un mero instrumento de
48 xestión do sistema e o marco político actual, facendo ao conxunto da militancia,
49 simpatizantes e movementos sociais co-partícipes das decisións e estratexias de traballo
50 nas institucións.

1
2
3
4
5
6
7
8
9
10
11
12
13
14
15
16
17
18
19
20
21
22
23
24
25
26
27
28
29
30
31
32
33
34
35
36
37
38
39
40
41
42
43
44
45
46
47
48
49
50

2. PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

As propostas operativas incluídas na tese de organización da XV Asemblea Nacional (2016), algunhas delas non aplicadas con motivo do calendario político que tivo que afrontar o BNG no último ano, continúan a estar plenamente vixentes, polo que non se reiteran. As que aquí se inclúen son, basicamente, as procedentes das conclusións do proceso Adiante:

2.1. A militancia:

2.1.1. Cómpre humanizar a organización. As persoas que conformamos o BNG somos mulleres e homes, seres humanos con contradicións, soños e necesidades. Atenderase e coidarase a militancia, mellor valor do BNG, recuperando para o traballo político o segmento hoxe non activado, e procurando actividades de convivio, confraternización e compañeirismo. Teñamos presente que a militancia é un traballo voluntario e que a única gratificación consiste na satisfacción do sentimento de utilidade a Galiza. A procura da atmosfera colectiva cálida e amistosa, onde todas as persoas se sintan cómodas nas súas tarefas, redundará en resultados máis produtivos e contribuirá á construción dun sentimento de convivencia en común, nun “Nós” por riba dun “eu”.

2.1.2. A prioridade será centrar os esforzos militantes na intervención social e non nas estruturas orgánicas internas. Evitarase a acumulación de reunións, e as que se realicen serán máis sintéticas e resolutivas.

2.1.3. Cómpre trasladar a cada militante a importancia do seu traballo na acción diaria: uso da lingua, proxección do nacionalismo no seu ámbito, teoría e praxe feminista, así como os principios éticos de actuación e a participación en organizacións sociais de todo tipo -non só no BNG- como xeito acaído de penetración social.

2.1.4. O BNG posúe un capital humano moi importante. Tamén no tocante ao coñecemento e experiencia en moitas áreas científicas ou de traballo político, social e institucional. Con independencia da inclusión ou non en órganos de dirección, fíxase o obxectivo de aproveitar o potencial de moitas persoas militantes que acumulan longa traxectoria de traballo e compromiso, de pericia intelectual, lucidez analítica e de coñecemento nas áreas máis diversas.

2.1.5. Cómpre “protocolarizar” a entrada de nov@s militantes. Non pode ser un proceso só administrativo e individual, senón que debe ir acompañado de calor e solidariedade militante, formación básica e orientacións de traballo, sempre desde o respecto e a toma en consideración das preferencias persoais e perfís específicos.

2.1.6. Envío dun boletín periódico de información á militancia e simpatizantes.

2.2. Simpatizantes:

2.2.1. Sistematización e actualización periódica do censo e rede de simpatizantes, co fin de facer efectivos os acordos adoptados, neste ámbito, na XV Asemblea Nacional, e de recoñecemento dos dereitos das persoas simpatizantes a recibiren información regular, convocatorias de asembleas locais, participación en grupos de traballo, formulación de propostas, e tomaren parte na vida cotiá da organización e nas decisións de ámbito local, agás incompatibilidades estatutarias.

1 **2.3. Aposta polo assemblearismo:**

2 2.3.1. Incrementar o papel decisorio das asembleas comarcais en cuestións de ámbito
3 nacional. Ademais de propoñeren e ratificaren, tamén deben poder adoptar decisións
4 nacionais, convocándoas de xeito simultáneo e somando os votos. Ese carácter decisorio,
5 sen dúbida favorece unha maior implicación do corpo militante.

6
7 2.3.2. Como complemento ás asembleas a organización a nivel local e comarcal
8 establecerá espazos de traballo onde tratar con maior profundidade as propostas de
9 traballo ou as diferentes actuacións antes de sometelas á aprobación da asemblea
10 xerando así marcos de traballo nos ámbitos nos que militancia e simpatizantes teñan
11 maior coñecemento permitindo a participación de movementos sociais ou colectivos na
12 elaboración do programa político do BNG no día a día

13

14 **2.4. Defensa da unidade e cohesión internas:**

15 2.4.1. É responsabilidade colectiva, mais especialmente dos cadros políticos e
16 institucionais o traballo de coidar e alimentar a unidade e cohesión internas en todos os
17 ámbitos da organización sen coartar o debate interno nin a diversidade ideolóxica.

18

19 **2.5. Nova estrutura comarcal:**

20 2.5.1. Definirase un novo mapa comarcal para a organización. Tenderase a facer coincidir
21 as comarcas naturais da nación co ámbito territorial das asembleas comarcais do BNG,
22 mais tendo presentes criterios operativos que garantan funcionamento normalizado,
23 capacidade financeira mínima autoxestionada, recursos básicos, estrutura de cadros e
24 base mínima de militantes e simpatizantes. Revisarase o actual nome das comarcas e
25 agrupacións comarcais, co fin de as adaptar á súa denominación histórica. Impulsarase a
26 dinámica de subcomarcas. Anexo con proposta de novo mapa comarcal (*).

27

28 2.5.2. Estabeleceranse obxectivos territorializados, nos ámbitos comarcal e local, de
29 incremento de militancia e simpatizantes, avaliados periodicamente. O traballo a
30 desenvolver neste ámbito terá como un dos seus obxectivos primordiais a preparación
31 das eleccións municipais de 2019, procurando unha maior implantación organizativa
32 territorial e a presentación do maior número de candidaturas posíbel, sempre
33 respondendo a unha dinámica local real e organizada.

34

35 2.5.3. Nas localidades sen asemblea, o obxectivo será a creación, recoñecemento e
36 dinamización de grupos de traballo locais baixo supervisión do Consello Comarcal.

37

38 2.5.4. Haberá contacto periódico directo e presencial da dirección do BNG en todas as
39 comarcas co fin de recibir directamente propostas e achegas e trasladar posicións e
40 análises realizadas polos órganos nacionais.

41

42 2.5.5. Prestarase máis atención ás comarcas que se encontran fóra dos lindes
43 administrativos da comunidade autónoma, con responsábeis concretos para cada unha
44 desas áreas. Estudarase algún tipo de iniciativa de ligazón, mesmo institucional, coa
45 Galiza, contando sempre co apoio de organizacións políticas, sociais e culturais da
46 comarca correspondente e respectando as dinámicas propias.

47

48 **2.6. Estrutura na emigración:**

49 2.6.1. A emigración non será considerada formalmente como máis unha comarca.
50 Recoñécese a singularidade do seu funcionamento, adaptado á súa realidade.

1 Garantirase a súa participación na toma de decisións de ámbito nacional, e manterá a súa
2 representación directa no Consello Nacional co mesmo criterio proporcional que as
3 asembleas comarcais, en función do número de militantes.
4

5 2.6.2. As funcións da estrutura da emigración no seu ámbito son: a defensa do
6 nacionalismo galego e implantación do BNG entre a comunidade emigrante, a
7 visualización da Galiza nos países en que se actúa, e colaboración nas relacións
8 internacionais coas organizacións de referencia en cada un deses países.
9

10 **2.7. Composición dos órganos de dirección:**

11 2.7.1. Aínda de se manteren as áreas nacionais colectivas, cómpre determinar
12 responsabilidades concretas en persoas específicas.
13

14 2.7.2. Garantirase a presenza de activistas sociais ou compañeir@s sen
15 responsabilidade institucional, co fin de que as análises graviten de xeito equilibrado na
16 diversidade de traballos políticos, sociais e institucionais que, de feito, desenvolve o BNG.
17

18 2.7.3. A composición dos consellos comarcais será máis operativa, co fin de descargar
19 traballo militante e centralo nas asembleas locais. Débense reducir as responsabilidades
20 ás imprescindíbeis. Cada consello comarcal ou local poderá ter composición diferente,
21 adaptada á súa realidade política e organizativa.
22

23 2.7.4. Terase como criterio, na conformación de órganos, a asistencia previa: quen non
24 asiste regularmente sen causa xustificada debe deixar paso a outras persoas para
25 garantir a maior das presenzas nos órganos de dirección, co obxectivo de garantir
26 compromisos estábeis e procurar un normal funcionamento.
27

28 **2.8. Grupos de traballo nacionais:**

29 2.8.1. Articular ferramentas dixitais para mellorar o seu funcionamento, co fin de facilitar a
30 participación e evitar desprazamentos.
31

32 2.8.2. Ter en conta, nas persoas que os conformaren, habilitación profesional,
33 preferencias de traballo político e ámbitos en que posúen experiencia ou coñecemento, co
34 fin dun mellor aproveitamento da potencialidade militante.
35

36 2.8.3. Conformar grupos sectoriais reducidos, de persoas expertas -do BNG e de fóra-, de
37 que botar man para elaborar propostas e alternativas nos diferentes campos de
38 intervención política.
39

40 **2.9. Formación:**

41 2.9.1. Estabelecer, a nivel nacional, unha área ou responsabilidade específica de
42 formación que elabore un plano de formación continua dirixido á militancia e ao conxunto
43 da base social nacionalista.
44

45 2.9.2. Enviar periodicamente argumentarios relativos a cuestións de actualidade que
46 trasladen posicións do BNG e permitan ao conxunto da organización ter coñecemento e
47 dar debates fundamentados no seu ámbito máis directo.
48

- 1 2.9.3. Convocar periodicamente encontros nacionais/zonais dirixidos a cadros políticos e
2 responsábeis orgánicos para definir pautas de actuación no traballo político e social,
3 dinámica de reunións, etc.
4
- 5 2.9.4. Convocar encontros periódicos de cargos institucionais e articular un banco de
6 iniciativas e boas prácticas para uso institucional e coñecemento da organización.
7
- 8 2.9.5. Estabelecer un protocolo de integración na organización para a nova militancia coa
9 entrega de material básico relativo ao BNG e ao nacionalismo.
10
- 11 2.9.6. A Fundación Galiza Sempre debe, ademais de ser “laboratorio de ideas” do
12 nacionalismo, diversificar as súas funcións abordando a difusión e promoción de análises
13 sobre cuestións de interese nacionalista, acompañando o BNG nas súas posicións.
14
- 15 **2.10. A organización xuvenil:**
- 16 2.10.1. Actualizar o protocolo de integración de Galiza Nova no BNG (1991), recoñecer o
17 seu labor e incorporar garantías de presenza en candidaturas e programas, en todos os
18 órganos de dirección, campañas e actos políticos, planificacións organizativas, formación
19 de cadros e infraestrutura. Anexo a aprobar pola AN (*).
20
- 21 2.10.2. Coidar, na imaxe pública do BNG, as referencias xuvenís e en xeral elementos
22 dirixidos a ese sector social.
23
- 24 2.10.3. Mellorar a integración de Galiza Nova e a súa militancia nas estruturas e no
25 traballo do BNG.
26
- 27 **2.11. Comisión de Garantías. Nova funcionalidade:**
- 28 2.11.1. Manterá a súa función de preservar os dereitos da militancia, mais asumirá novos
29 cometidos, como os de velar polo cumprimento e execución dos acordos da asemblea
30 nacional (en comunicación coa dirección política do BNG), garantir a convocatoria regular
31 de órganos en toda a estrutura organizativa, etc.
32
- 33 **2.12. Finanzas:**
- 34 2.12.1. Continuar coa política de contención e aforro nas campañas electorais. As
35 campañas estarán principalmente fundamentadas no traballo militante.
36
- 37 2.12.2. Sistematizar a contribución financeira de militantes, simpatizantes e cargos
38 públicos, vital para un BNG operativo e autofinanciado, evitando, na medida do posíbel,
39 recorrer a cotas extras para sufragar campañas electorais.
40
- 41 2.12.3. Buscar novos métodos de financiamento, individuais e colectivos e apelarase á
42 responsabilidade da militancia na venda de lotaría, propaganda, organización do
43 FESTIGAL e outros actos nacionais, etc.
44
- 45 2.12.4. Transparencia. A militancia ten dereito a coñecer a situación económica e
46 financeira do BNG. Resultados económicos de campañas electorais, orzamentos anuais
47 do BNG, balances financeiros, etc., serán comunicados directamente a cada militante e
48 pendurados na web nacional do BNG para coñecemento público.
49
- 50 **2.13. Mellora da imaxe:**

1 Estudar a opción de actualizar esteticamente a imaxe visual e o logotipo do BNG.

2

3

4

5 **Carta de Principios políticos, ideolóxicos e valores do BNG**

6

7 Galiza é unha nación e, por tanto, ten dereito á autodeterminación para decidir por si
8 propia, de forma libre e soberana, o seu futuro.

9

10 O nacionalismo galego é a resposta democrática do noso pobo ante unha situación de
11 dependencia económica, de opresión cultural e política da Galiza que imposibilita o
12 progreso e benestar da sociedade galega.

13

14 O BNG é unha organización nacionalista porque defende a Soberanía Nacional e a
15 liberdade da nación galega para se constituír nun Estado soberano, democrático, laico e
16 republicano, a República da Galiza.

17

18 O BNG autodefínese como un movemento socio-político de defensa do país que
19 abrangue diferentes realidades para alén da expresión política.

20

21 O BNG asume como valor esencial a defensa dos dereitos humanos e, nesa medida, loita
22 activamente contra todo tipo de discriminación pola razón que for: de orixe ou étnica, de
23 lingua, de relixión, de orientación ou identidade de xénero, de diversidade funcional ou
24 doenza ou calquera outra.

25

26 O BNG é unha forza pacifista pois entende como prioridade a defensa da Paz mundial, o
27 desarmamento e a disolución dos bloques militares agresivos e avoga pola resolución
28 pacífica e democrática dos conflitos internacionais.

29

30 O BNG defende o laicismo e, nesa medida, entende que as administracións deben ser
31 neutrais e manterse á marxe de calquera pronunciamento ou actividade relixiosa como
32 maneira de garantir plenamente a liberdade de crenza de toda a poboación.

33

34 O BNG considera prioridade garantir dereitos esenciais como a saúde, a educación, a
35 cultura, a vivenda e o traballo para toda a poboación de modo a asegurar unha vida digna
36 para todas as galegas e galegos.

37

38 O BNG practica un nacionalismo popular, que defende prioritariamente os intereses dos
39 traballadores e das traballadoras e do conxunto das clases populares galegas. En todo o
40 caso, o BNG dirixe as súas políticas á maioría social do noso País e defende os intereses
41 do pobo galego e da Galiza como nación.

42

43 O BNG encarna un nacionalismo transformador, que traballa para mellorar as condicións
44 de vida das galegas e dos galegos e para conseguir unha sociedade nova, realmente
45 democrática, sen discriminacións de xénero, con liberdade e xustiza social.

46

47 O BNG asume que para o desenvolvemento da Galiza como nación é preciso que o pobo
48 galego se articule en organizacións políticas e socias propias. Por tanto, o BNG

1 promovera de maneira activa a autoorganización do pobo galego en todos os ámbitos
2 como forma de avanzar no proceso de autodeterminación.
3

4 O BNG defende políticas sociais que visan acabar con calquera forma de explotación do
5 ser humano e coas desigualdades sociais e económicas. Nesa liña, defendemos un
6 modelo social avanzado, que garanta o control público dos nosos recursos e sectores
7 estratéxicos da economía, que respecte os dereitos laborais e impulse un
8 desenvolvemento socio-económico non dependente, sustentábel e xusto, capaz de
9 promover o benestar de todo o pobo.

10

11 O BNG defende e promove a plena normalización social da nosa lingua e o dereito a
12 vivirmos en galego e a desenvolvermos a nosa cultura en beneficio da cohesión social, do
13 enriquecemento do noso acervo cultural e do noso desenvolvemento material.

14

15 O BNG é unha organización democrática e participativa que defende a necesidade de
16 avanzar en dereitos individuais e colectivos e de camiñar para unha democracia real
17 baseada na participación directa de toda a poboación na tomada de decisións.

18

19 O BNG asume o feminismo como ferramenta imprescindible para a superación do
20 heteropatriarcado e o combate de todas as formas de violencia (social, política,
21 económica, de estado, psicolóxica, física, etc), explotación e discriminación que se exerce
22 contra as mulleres e as persoas non heterosexuais. Esta perspectiva inscríbese de forma
23 transversal en todos os obxectivos políticos e programáticos, así como en toda a acción
24 política do BNG.

25

26 O BNG asume como propia a defensa dos dereitos e liberdades das persoas lesbianas,
27 gais, transexuais, bisexuais e intersexuais (LGTBI).

28

29 O BNG é unha forza activamente comprometida coa defensa do ambiente e do territorio e
30 defende políticas acordes co principio de sustentabilidade, para a salvagarda do planeta,
31 o respecto do medio e pola erradicación do maltrato animal.

32

33 O BNG é unha forza patriótica e, ao mesmo tempo, internacionalista, que defende o
34 dereito de todos os pobos do mundo a seren libres e a decidiren de forma soberana e
35 séntese plenamente solidario con todas as nacións que loitan pola liberdade.

36

37 O BNG é unha forza anti-imperialista pois rexeita a dominación dunhas nacións sobre
38 outras, combate todas as formas de opresión, oponse a calquera clase de inxerencia ou
39 intervención política ou militar de carácter imperialista e avoga por relacións internacionais
40 de cooperación.